



IG408N - AXUDAS A FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE DESCARBONIZACIÓN E RENOVACIÓN INDUSTRIAL


Concurrenencia competitiva



Prazo de presentación:

Do 31 de xaneiro ás 9.00 h
ata o 30 de abril ás 14.00 h

Orzamento
80.000.000 €



Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027

» ORZAMENTO POR ÁREA XEOGRÁFICA

ÁREA XEOGRÁFICA	ORZAMENTO
MUNICIPIOS DAS PONTES E CERCEDA	40.000.000
COMARCAS DE ORDES (AGÁS MUNICIPIO DE CERCEDA), EUME (AGÁS MUNICIPIO DAS PONTES) E FERROL , E MUNICIPIOS DE LARACHA , CARRAL , ORTIGUEIRA , CERDIDO OU MAÑÓN	40.000.000

» PARA QUEN?

Empresas industriais, entendendo como tales aquelas **sociedades mercantís** ou agrupacións das mesmas que exerzan unha **actividade industrial ou de servizos de apoio industrial**.

» PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Grandes proxectos de investimento que cumpran os seguintes requisitos:



Localizarse exclusivamente nun ou varios centros de traballo nas comarcas de Ordes, Eume e Ferrol ou municipios de Laracha, Carral, Ortigueira, Cerdido ou Mañón.



Categorías:

- Proxecto rexional de investimento
- Proxecto para a protección do medio ambiente, incluída a descarbonización



O **importe mínimo do investimento subvencionable** será de **10.000.000€**. No caso de **proxectos rexionais de investimento**, o investimento **máximo** subvencionable será de **110.000.000 €**.



Establécese un límite **máximo de subvención de 30.000.000€** por empresa e por proxecto.



O proxecto deberá supoñer a **creación neta de emprego**:

- Pemes:** creación neta de polo menos 1 posto de traballo
- Grandes empresas:** creación neta de 5 postos de traballo



IG408N - AXUDAS A FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE DESCARBONIZACIÓN E RENOVACIÓN INDUSTRIAL

» CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

- » Adquisición de terreos, limitados a un máximo do 10 % do investimento subvencionable
- » Obra civil e outros conceptos inmobiliarios
- » Maquinaria e bens de equipamento, hardware, software e instalacións necesarias para a súa implantación

» CONTÍA DA AXUDA


TIPO DE ACCIÓN	TIPOLOXÍA DE EMPRESA		
	PEQUENAS	MEDIANAS	GRANDES
PROXECTO REXIONAL DE INVESTIMENTO	35 %	25 %	15 %
PROXECTO PARA A DESCARBONIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE, INCLUÍDA A PROTECCIÓN	32,5 %	27,5 %	22,5 %

*Establécese un **máximo de subvención de 30.000.000 €**

Para proxectos rexionais de investimento, se a inversión supera os 55 millóns, axustarase a axuda a 55.000.000 x 15 % e o exceso de 55 millóns ao 7,5 %.

» PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

O prazo de execución estará fixado na resolución de concesión e como **máximo rematará o 30 de setembro de 2029**.



MÁIS INFORMACIÓN



COMO A SOLICITO?

Solicita a túa axuda en
spiga-sede.igape.es

